



ÉXODO

ÉXODO

NORMAL: ESPAZO DE INTERVENCIÓN CULTURAL DA UDC

EQUIPO TÉCNICO DA EXPOSICIÓN

Comisarias

Patricia Muñiz [Dirección], Cristina Botana, Rocío Botana

Exposición fotográfica

Gabriel Tizón

Deseño expositivo

Estudio MMASA Muñiz Alfaya

Deseño gráfico

Felipe Trillo

Vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria

Margarita Amor

Adxunta á Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria

Araceli Serantes

Técnicos en actividades culturais

Noemí Castro, Jorge Cordal, David Calderón, M.ª Teresa Pérez, David Castro

PUBLICACIÓN

Textos y gráficos

Patricia Muñiz, Cristina Botana, Rocío Botana

Fotografías

Gabriel Tizón

Deseño gráfico

Fernando Pérez, Felipe Trillo

Impresión

Global Print

A Coruña, 2018

Universidade da Coruña, Servizo de Publicacións <www.udc.gal/publicacions>

Publicacións Institucionais, nº 20

Publicación dispoñible en: <http://hdl.handle.net/2183/20685>

ISBN: 978-84-9749-681-0

CDU: 77.04(083.824)*TIZON

© da edición, Universidade da Coruña

© das imaxes, Gabriel Tizón

© imaxe de cuberta, Gabriel Tizón,

© dos gráficos e dos textos, as súas autoras

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso previo e por escrito das persoas titulares do copyright.

NORMAL



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Oficina de Cooperación
e Voluntariado

ÉXODO

"As barreiras levantadas no camiño rara vez interrompen a viaxe daqueles aos que o temor ou a necesidade empuxa a abandonar o seu fogar, o único que conseguen é obrigarlles a atopar novos itinerarios, xeralmente máis longos e máis perigosos"

- RODIER, 2013





RUTAS A TRAVÉS DO MEDITERRÂNEO
despois do Tratado UE-Turquía do 18/03/2016



ÉXODO

“Isto non é soamente terrible, senón que tamén se corre o risco de que se volva insustentable. Non hai unha maneira adecuada de responder as necesidades humanitarias enormes que representan estas cifras. Ademais, é difícil imaxinar como unha nación pode soportar tanto sufrimento”

ANTÓNIO GUTERRES, 2013

As guerras e os conflitos armados constitúen unha fonte moi importante de migracións forzadas e destrución, que deron lugar a crises humanitarias de inmensa magnitude. Os conflitos armados caracterízanse, tal e como especifican as Nacións Unidas, polos ataques deliberados contra civís, a transgresión xeneralizada dos dereitos humanos, as violacións e outros delitos sexuais, utilizados como arma de guerra contra mulleres e nenos, así como o desprazamento forzado de centos de miles de persoas.

A principios do século XXI, 41 millóns de persoas atopábanse en situación de desprazamento forzado en todo o mundo. Dezasete anos despois, o documento de ACNUR *“Tendencias Globales 2016”* pon de manifesto que, a finais dese ano, aproximadamente 65,6

millóns de persoas eran vítimas do desprazamento forzado polos conflitos, a persecución, a violencia ou as violacións dos dereitos humanos. A cifra máis elevada xamais rexistrada. Isto supón un arrepiente incremento de case 25 millóns de persoas no que vai de século XXI, das cales máis do 50% son menores de idade.

Sen dúbida, o conflito na República Árabe Siria foi o causante do maior número destes desprazamentos nos últimos anos, sen sinais de que vaia finalizar nun tempo predicible. Máis da metade da poboación atópase desarraigada e empobrecida e millóns de afectados están atrapados en áreas de difícil acceso para os actores humanitarios. Con todo, non é o único enfrontamento armado que ocasionou este movemento de poboación. Crise e conflitos novos ou non resoltos como os de Burundi, Iraq, Libia, Afganistán ou Sudán do Sur xeraron centos de miles de novos refuxiados. Mesmo coa guerra de Siria fóra dous cálculos, a tendencia segue sendo dun aumento do desprazamento a nivel mundial.

Aínda que a maioría dos países de acollida seguen estando en Oriente Medio e Norte de África, moitos refuxiados viron como única alternativa cruzar o mar e chegar a Europa. Por encima dun millón de persoas cruzaron o Mediterráneo no ano 2015. Grecia e Italia, pola súa situación xeográfica, foron os países con maior chegada de desprazados. Lesbos, cunha poboación de 85000 persoas, tiña en setembro de 2016 instalados en condicións precarias 93600 refuxiados.

A resposta dos países de acollida foi moi diferente e diversa. En particular, a da Unión Europea, potenciada pola Declaración UE-Turquía do 18/03/2016, levou os solicitantes de asilo a arriscar as súas vidas e chegar por medios irregulares en busca dun futuro. A omisión de responsabilidades e a indiferenza provocou que, desde o primeiro momento, a sociedade civil sexa a promotora dunha resposta necesaria por parte da cidadanía para paliar as deplorables condicións que soportan os desprazados.

Con todo, tras varios anos de mobilización social, a incidencia política e o traballo de miles de persoas e asociacións, aínda hoxe existen miles de familias retidas en campos de refuxiados e pasos fronteirizos en condicións máis que precarias.

A estas alturas, é innegable a centralidade das políticas europeas ao redor da cuestión de seguridade co obxectivo de conter a ameaza de invasión en lugar de garantir o benestar dos solicitantes de asilo, en cumprimento da lexislación internacional. Esta lóxica provocou a aparición de condutas racistas e xenófobas contra a poboación migrante e solicitantes de asilo, concretamente unha crecente islamofobia.

O labor de sensibilización e visibilización é, se cabe, máis necesario agora que este feito perdeu presenza nos medios de comunicación, os cales apenas se fan eco das terribles condicións que aínda soportan todas as persoas atrapadas. Máis que nunca consideramos necesario incidir na visibilización e concienciación desta realidade oculta e a historia silenciada de todas as súas vítimas.

Neste sentido, ÉXODO pretende poñer o foco de atención neste movemento migratorio, na intervención e respostas por parte dos diferentes países e as súas consecuencias e, sobre todo, nas vivencias e perspectivas das persoas afectadas.



Entre 2013 e 2018 os responsables deste proxecto realizaron labores de colaboración con organizacións humanitarias, visitas de identificación e labores de visibilización en campos de refuxiados e rutas de tránsito en Xordania, Líbano, Macedonia, Croacia, Eslovenia, Serbia, Hungría, Grecia e Francia.

Desde o punto de vista dunha investigación rigurosa, combinada co material recollido directamente no terreo, a través de entrevistas, fotografías e obxectos, ÉXODO pretende poñer de manifesto a situación das persoas refuxiadas e solicitantes de asilo, esencialmente en Europa, tras tantos anos de guerra e desprazamento.

Partindo dunha dimensión acorde cun dos maiores éxodos migratorios da historia, que superou por primeira vez as cifras de persoas desprazadas desde a Segunda Guerra Mundial, o proxecto aspira contribuir á información que a cidadanía posúe sobre a problemática do refuxio e o desprazamento forzoso, á vez que realizar unha campaña de visibilización e sensibilización da devandita situación.

20 PERSOAS CADA MINUTO

Unha media de 20 persoas son obrigadas a fuxir dos seus fogares cada minuto.

55% DESDE SÓ TRES PAÍSES

En total, máis da metade dos refuxiados do mundo procede de tan só tres países:

República Árabe Siria 5,5 millóns

Afganistán 2,5 millóns

Sudán do Sur 1,4 millóns

+50%

NO QUE VAI DE SÉCULO

A poboación refuxiada no mundo incrementouse máis do 50 % no que vai do século XXI.

65,6 MILLÓNS DE PERSOAS DESPRAZADAS POLA FORZA EN TODO O MUNDO

22,5 millóns de refuxiados

2,8 millóns de solicitantes de asilo

40,3 millóns de desprazados internos

51%

Os menores de 18 anos representan preto da metade da poboación refuxiada. Os nenos constitúen un estimado do 31 por cento da poboación mundial.

3,5 MILLÓNS DE PERSOAS

Turquía alberga o maior número de refuxiados no mundo.





جمهوری اسلامی ایران
کویتا

Islamic Republic of
IRAN

PASSPORT

O QUE DEVOLVE O MAR

Os obxectos persoais presentados nesta exposición foron recollidos nas praias de Skala, no campo de refuxiados de Moria ambos no norte da illa de Lesbos e nas praias da súa cidade capital Mytilene, situada no sur. En conxunto representan o proceso de miles de persoas que se ven obrigadas a abandonar os seus fogares, levando consigo tan só algúns dos seus obxectos máis significativos ou prezados: fotografías de familia, documentación, avións persoais... todo o necesario para emprender unha viaxe ao descoñecido, levando unicamente aqueles recordos que poidan coller na súa equipaxe.

Sabemos por testemuños dalgunhas persoas que, ao acceder ás embarcacións, os traficantes as obrigaban a se desfacer da súa equipaxe e das bolsas onde transportaban algúns recordos e mudas de roupa para a viaxe. Nalgúns casos, desfaciáanse de todos os documentos persoais e das fotografías

familiares ao alcanzar a costa, noutros extraviá-bannos cando chegaba o momento de se apeaar na auga e alcanzar a costa. Coas mareas, o mar ía devolvendo á beira multitude destes obxectos xa deteriorados pola auga salgada.

Unha das moitas consecuencias dos desprazamentos forzados é a perda dos lazos familiares. Non só daqueles que permanecen no país de orixe, senón tamén as separacións que sofren ao longo do camiño onde os traficantes separan os membros da familia en función de como lles interese distribuír os grupos de persoas ou nos mesmos puntos de identificación fronteirizos onde se prioriza o paso de familias ou mulleres con menores.

O conflito da República Árabe Siria foi o detonante definitivo desta crise humanitaria, que superou todas as cifras de desprazamentos coñecidas e estimadas polas axencias internacionais. Con todo, o que vimos nestes últimos anos é a consecuencia de todos os conflitos que desde hai máis de dúas décadas desestabilizaron países de Oriente Próximo como Iraq ou Irán, pero tamén outros que criamos máis afastados como Paquistán, Afganistán e mesmo o Tíbet. Todo este numerario de conflitos súmase aos existentes nos países do norte e centro de África. Solicitantes de asilo de Eritrea, Sudán, Exipto, Marrocos, Congo,

Somalia levan décadas arriscando as súas vidas na súa procura dunha vida máis segura e máis digna. Os pasaportes atopados nas costas do Exeo dan fe da magnitude case global desta situación.

O conxunto de entrevistas seleccionadas para a exposición presenta os testemuños recollidos en diferentes campos de Grecia durante 2016, concretamente no campo de Idomeni na fronteira con Macedonia e en Ritsona, a uns 60 km de Atenas. A través deles poderemos coñecer de primeira man a experiencia de miles de persoas nos últimos anos, unha mostra das terribles condicións vividas durante a guerra, o desprazamento e finalmente nos campos improvisados de Grecia, onde foron confinadas á súa chegada.

DENMARK

02

FRANCE

CZECH
REPUBLIC

EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA

As fotografías seleccionadas para ÉXODO forman parte do traballo realizado nos últimos anos nos países da chamada ruta Balcánica e na costa de Libia. Máis de 10 países e 15 viaxes cun só obxectivo: a EMPATÍA.

Un traballo desde a admiración que sinto por estas persoas en tempos onde a maioría dos medios acostuman nomear estas PERSOAS como números. Admiración que sinto cara a uns país, nais, fillos... que camiñan en contra da súa vontade, fuxindo do horror e, castigadas por iso, aínda así cun comportamento exemplar, dándolle unha lección a Europa, que levanta muros físicos provenientes da falta de valores e crean auténticas fronteiras do pensamento. Un resumo de miles de emocións representadas en fotografías que son o resultado de camiñar, comer, durmir, falar... con estas persoas. Esta mostra é un reflexo de como penso en lugar de como vexo. Unha viaxe interior realizada ao longo de miles de quilómetros.

GABRIEL TIZÓN



Queremos darlles as grazas a todas as persoas que colaboraron na realización deste proxecto, en especial a todas aquelas que cada día se ven forzadas a abandonar os seus fogares e as súas raíces. O seu papel nesta exposición resultou fundamental, non só por compartir con nós as súas historias de vida, os seus temores e as súas ilusións de futuro; senón tamén por colaborar na identificación e na tradución de moitos dos documentos e das entrevistas que aquí se mostran. Con esta exposición tratamos de continuar visibilizando esta crise humanitaria e comunicar o que está acontecendo non a través das cifras, senón escoitando todas as persoas ligadas a elas.

Agradecemoslle en especial á Universidade da Coruña que apoie ÉXODO e todo o que representa.



NORMAL



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Oficina de Cooperación
e Voluntariado